

## **CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA.**

### **MANIFESTO de 17 de maio de 2007**

Organizacións sociais e ecoloxistas critican o aumento imparable da contaminación electromagnética no Día Mundial da Telecomunicacións. Demandan un cambio da normativa estatal e autonómica con criterios de prevención e precaución e financiamento pública para a investigación independente sobre os efectos para a saúde derivados destas emisións.

O próximo 17 de maio celébrase o Día Internacional das Telecomunicacións. Con este motivo organizacións veciñais, sociais e ecoloxistas de cidades e pobos de Europa queren denunciar que nos últimos anos asistimos ao crecemento insostible e á proliferación caótica de estacións base de telefonía móbil e outras infraestruturas de telecomunicacións que supuxeron a instalación descontrolada destas redes radio-eléctricas, un aumento significativo da contaminación electromagnética e o crecemento da percepción social do risco asociado a estas infraestruturas. Estamos asistindo ao establecemento da trama das telecomunicacións dunha proliferación no medio rural e urbano de toda unha serie de infraestruturas de antenas estacións base GSM, DCS e LMDS, di-polos repetidores, antenas de alta ganancia, pico-células e micro-antenas, radio-enlaces, etc., ou os novos sistemas Wi-Fi. A instalación de antenas estacións base de telefonía móbil da rede UMTS e sistemas inalámbricos de transmisión de información, van supor novos problemas na súa localización e un aumento significativo da contaminación electromagnética á que estamos sometidos.

A lexislación estatal, feita polo anterior goberno e atendendo só os intereses das grandes operadoras, non resolveu o impacto social e ambiental das redes de telefonía móbil. A mobilización social, veciñal, e ecoloxista obrigou a algunhas comunidades autónomas e concellos a establecer normativas máis preventivas e niveis de exposición ao público máis restritivos e con todo queda pendente unha directiva europea que sirva como un instrumento real para facer compatible o desenvolvemento da telefonía móbil e as posibles afeccións ambientais e para a saúde pública. Con todo o actual goberno español está aplicando na práctica a mesma política do Partido Popular, incumprindo claramente o programa electoral do PSOE (incluído o rexeitamento de financiamento de proxectos de investigación independentes) que recomendaba aprobar unha normativa de niveis de exposición moitos máis restritivos.

É evidente que as autoridades sanitarias das distintas administracións non se atreven a enfrontarse aos grandes intereses financeiros e someten as súas decisións ás prioridades dos resultados económicos pondo en segundo lugar a saúde das persoas. Ata agora, as administracións sanitarias só están aceptando os estudos que tranquilizan á poboación. Dous recentes estudos de campo, un de Alemaña e outro de Israel, constataron un aumento de entre 3,5 e 4,15 as probabilidades de contraer cancro no radio de acción de 400 metros ao redor dunha antena de telefonía móbil. O Proxecto Reflex, un estudo financiado pola Unión Europea, no que participaron 12 países, entre eles España, cuxo obxectivo é o estudo da influencia de campos electromagnéticos, conclúe que as ondas electromagnéticas da telefonía móbil producen alteracións do ADN que transporta a información xenética no núcleo das células e cambios nestas. Diversas conferencias internacionais de prestixiosos científicos independentes alertan sobre os posibles efectos e regas na saúde pública (Declaracións de Viena 1998, Salzburgo 2000, Roccaraso 2000, Alcalá de Henares 2002, Catania 2002, Friburgo 2002 e Benevento 2006). No estado español, a Declaración de Alcalá de Henares; así como investigacións epidemiolóxicas publicadas en revistas científicas de prestixio, sinalaron os efectos bio-sanitarios das emisións da telefonía móbil a niveis de radiación radio-eléctrica miles de veces inferiores aos que se adoptaron na normativa estatal. É necesario o desenvolvemento dun programa público estatal e independente, non subvencionado polas operadoras de telefonía, dos efectos sobre a saúde pública e investigación específica sobre as persoas denominadas electro-sensíbeis.

As organizacións veciñais, sociais, ecoloxistas asinantes [1] demandamos demandan un cambio na normativa actual, feita ao ditado das operadoras de telefonía móbil. Estas reformas deberían contemplar os seguintes aspectos:

- Aplicación efectiva do principio de precaución para os posibles efectos bio-sanitarios e do principio ALATA (a mínima emisión tecnicamente posíbel).
- Transformación da Lei Xeral de Telecomunicacións e a normativa sobre control do espazo radio-eléctrico tendo en conta os xa demostrados amplamente efectos non térmicos. Revisión das normativas autonómicas con criterios restritivos e precautorios.
- Establecemento dun valor límite de exposición cidadá que impida que se produzan cambios celulares de ningún tipo e non só a expresión de proteínas de shock térmico, onco-xenes, etc.
- Establecemento dun valor límite por baixo alteracións no ámbito celular para a suma de ondas das emisións de todo tipo de infraestrutura de transmisión sen cables de uso industrial (radio, televisión, radar, telefonía móbil, radio-enlaces,?) ou doméstico (antenas de radioaficionados, tecnoloxías GPRS, UMTS, Bluetooth, Wi-Fi, DECT.)
- Información e xustificación exhaustiva como o desconxestionamento de áreas de saturación sobre-expostas, previa á instalación de estacións base de telefonía móbil e participación activa dos cidadáns no ámbito local.
- Estudo de diversas localizacións alternativas para a localización dunha estación base.
- Moratoria no despregamento das redes UMTS e WiFi e WIMAX polo seu alto contido enerxético. Promover os alternativas aos sistemas de comunicación sen fíos, por exemplo: uso da fibra óptica e dos cables coaxiais.
- Minimizar os impactos paisaxísticos, visuais e ambientais no medio rural e urbano. Establecemento dun mapa radio-eléctrico urbano que reflecta o conxunto de emisións radio-eléctricas en tempo real e de forma continua.
- Máximo control sobre a localización das antenas e das infraestruturas de telecomunicacións nas zonas residenciais especialmente, e con mención especial sobre áreas hospitalarias de oncoloxía infantil.
- Creación dunha comisión inter-ministerial (Ministerios de Sanidade, Industria e Medio Ambiente que coordine o despregamento de redes con criterios de prevención da saúde pública), con participación activa dos axentes sociais, organizacións ambientais científicos e técnicos independentes.
- Estudos epidemiolóxicos por sorpresa sobre as poboacións que sexan expostas dun xeito residencial e continua con participación de científicos e técnicos con independencia demostrada ao dispositivo xerárquico da administración. Fomento da investigación pública sobre os efectos na saúde e dotación orzamentaria para iso.
- Creación dunha entidade de inspección e seguimento das estacións base logo da súa instalación con participación de científicos e técnicos independentes.
- Creación dunha base de datos pública como o rexistro de todas as estacións base e as súas emisións.
- Elaboración dun Código de boas prácticas e Campañas específicas contra o abuso do móbil e condutas adictivas ao mesmo, sobre poboación adolescente e adulta. Limitar o uso dos teléfonos móbiles e inalámbricos a cativos, novos e adolescentes ao nivel máis baixo posíbel e prohibir, dun xeito urxente, as compañías de telecomunicación da comercialización e publicidade dirixida a eles.
- Recoñecemento legal do potencial risco sanitario derivado da exposición residencial e laboral a campos electromagnéticos.
- Recoñecemento no sistema de saúde pública da electro-sensibilidade e as persoas electro-sensíbeis.
- Esixencia de zonas libres de emisións radio-eléctricas de telecomunicacións.
- Definir zonas urbanas libres de emisións, en edificios públicos (escolas, hospitais, áreas residenciais) e nos sistemas de transporte público.
- Recordar aos cidadáns e facer valer ante os tribunais os Dereitos Fundamentais seguintes, establecidos na Constitución Española:

**Dereito á integridade física (Art. 15 \*C.E.)**

**Dereito á intimidade persoal e familiar (Art. 18.1. C.E.)**

**Dereito á inviolabilidade do domicilio (Art. 18.2. C.E.).**

[1] AAVATE, Asociación Vallisoletana de Afectados por Antenas de Telecomunicaciones, Valladolid, ACACEM, ADQUIRA Afectados, Catalunya, Afectados Antenas Telefonía Móvil de Ferrol, AMPA Joan Martorell- Gandia-València, AMPA Tres Pins, Barcelona, AMPA Verdú Sant Boi Barcelona, AntenaNO, Getxo, Bizkaia, ASIDES, Zaragoza, Asociación Baronía Sierra Calderona, Asociación de Estudios Geobiológicos, GEA, Asociación de Padres del Colegio Voramar, Campello Alicante, Asociación de Vecinos Focalent Rebolledo, Alicante, Asociación de Vecinos Sol de Alacant, Alicante, Asociación Independiente Vecinos El Plantío II (La Cañada) Paterna, Associació de Veïns Amics del Carme, Granja La Peira Cooperativa Valenciana, FUCAT (Fòrum Unitari Contra l'Alta Tensió), Plataforma NAT-BARXETA, Plataforma NAT ÈNOVA-MANUEL, Plataforma "Les Delícies" de Rafelguaraf, Coordinadora Contra l'Alta Tensió de la Valldigna, PKAT (Plataforma contra l'alta tensió), Plataforma Pels Pobles de La Safor, Acció i Reflexió Ciudadana, ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), Plataforma Cidadá da Ponte (Ourense), Plataforma de afectados de San Lázaro (Santiago), Coordinadora de Afectados por la Instalación de Antenas de Telefonía Móvil de Ourense, Plataforma contra as antenas de Vite (Santiago), Asociación de afectados por las antenas de Chapela (Vigo), Plataforma Ciudadana de Información sobre Antenas de Baza (Granada), Asociación Granadina de Amigos del Pueblo Saharaui, Coordinadora Nueva Cultura del Territorio, Associació de Veïns de Favara, Associació de Veïns de Benimaclet, Associació de Veïns L'OSTIA, Barceloneta, Barcelona, Associació Ecocultural El Clot de Santa Pola, Associació Grup de Ciències Meridia Zero, AVACE – Asociación Valenciana Afectados por Campos Electromagnéticos, AVECORN, Girona, Ben Magec - Ecologistas en Acción de Canarias, Benalúa sin Antenas, CC OO Madrid, CGT-P. Valencià, Col.lectiu Units pel Servei i la Llengua, Colectivo afectado por Telefónica de Sant Andreu, Colectivo de afectados por la Telefonía Móvil de Navarra, Colectivo Urbanización Los Picapiedras Bacarot, Alicante, Comisión para el Traslado de la Subestación de Patraix, Valencia, Comité de Empresa Parcs i Jardins, Barcelona, Compromis pel Territori, P.Valencià, Confederación de Ecologistas en Acción, Coordinadora de les Associacions de Mares y Pares de Gandia, Coordinadora Defensa Bosques Metropolitanos del Turia, COVACE, Coordinadora Vasca de Afectad@s la Contaminación Electromagnética, Euskadi, Ecologistas en Acción de Extremadura, Ecologistas en Acción de la Región Murciana, Ecologistas en Acción de León, Ecologistas en Acción de Madrid, Ecologistas en Acción de Salamanca, Ecologistes en Acció de Catalunya, Ecologistes en Acció del País Valencià, EKA/ OCU, Euskadi, Ekologistak Martxan, FABZ, Federación de Barrios Zaragoza, FAVB Federació nAsociaciones de Vecinos de Barcelona, Federación Vecinal Roi Xordo de Ferrol, FRAVM Federación Regional de Asociaciones de Vecinos de Madrid, Grupo de Estudio y Conservación de los Espacios Naturales (GECEN), Intersindical Valenciana, IPCENA Lleida, Marfull Agró, Movimiento por Benalua, Alicante, Next-up FRANCIA, OIKOS, Mataró (Cami del Mig), Paiporta sin Antenas, Plataforma "antiantenas" de Sant Joan Despí (BCN), , Plataforma de Afectados por la Telefonía Móvil de Alicante, Plataforma de Afectados por las Antenas de Telefonía Móvil de León, Plataforma de veïns/es PAI-MAI, Guadasuar, Plataforma No a la Contaminación de Castellón., Plataforma per Rusafa, Plataforma Pro Principi de Precaució de Sant Boi, Plataforma Veinal Salut i Cultura Part Baixa Sant Antoni de Barcelona, Red Ciudadana contra el Ruido, Sagarrak-Ekologistak Martxan, Euskadi, Santutxu sin Antenas, Euskadi, Sindicato de Administración Pública de Barcelona de la C.G.T., SVO – Sociedad Valenciana de Ornitología, UGT Madrid, Xúquer Viu,